



Asunto: Solicitud de corrección de erros detectados no Acordo sobre os bombeiros forestais e a súa segunda actividade.

O acordo sobre bombeiros forestais e a súa segunda actividade publicado no Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro de 2017, mediante a Resolución do 9 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, ten unha serie de erros que é preciso emendar, ao non coincidir a versión do acordo asinada coa finalmente publicada, así:

Advertidos erros na citada resolución, publicada o 20 de xaneiro de 2017 no Diario Oficial de Galicia nº 14, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.194 no apartado I onde di

Primeiro. Modifícase o anexo de categorías do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia engadindo a denominación das categorías de peón, peón-condutor, xefe/a de brigada, condutor de motobomba e oficial forestal de defensa contra incendios forestais, vinculadas á prevención e extinción de incendios forestais, vinculadas á prevención e extinción de incendios forestais, o termo <<bombeiro forestal>>, de forma que o nome das categorías sinaladas muda para quedar do seguinte xeito:

*“ V.14 Bombeiro forestal peón.
V.14 a. Bombeiro forestal peón – condutor/a.”
(...)*

Debe dicir:

Primeiro. Modifícase o anexo de categorías do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia modificando a denominación das categorías de peón, peón-condutor, xefe/a de brigada, condutor de motobomba e oficial forestal de defensa contra incendios forestais, vinculadas á prevención e extinción de incendios forestais, vinculadas á prevención e extinción de incendios forestais, o termo <<bombeiro forestal>>, de forma que o nome das categorías sinaladas muda para quedar do seguinte xeito:

*“V.14. Bombeiro forestal”.
V.14.a. Bombeiro forestal condutor”.
(...)*

Na páxina 3.196:

No primeiro parágrafo da disposición común primeira onde di:

“A Administración iniciará os trámites para a funcionalización do persoal de prevención e extinción de incendios forestais, comezando no ano 2017 coas categorías profesionais que se acorde coas organizacións sindicais”.



(...)

Debe dicir:

“A Administración iniciará os trámites para a funcionarización do persoal de todas as categorías de prevención e extinción de incendios forestais, comezando no ano 2017 coas categorías profesionais que se acorde coas organizacións sindicais”.

(...)

Á vista do exposto, solicítase a corrección dos erros indicados no texto publicado sobre o acordo sobre bombeiros forestais e a súa segunda actividade.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017

O subdirector xeral de Réxime Xurídico e RR.LL



Víctor Gallego Vincent

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
EDIFICIO ADTVO. DE SAN LÁZARO, S/N
15.781 SANTIAGO DE COMPOSTELA